

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA.
CURSO 2021/2022**

**CENTRO: IES
CURSO: 2021/22
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DATA: 7 de abril de 2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
1º Avaliación	Cálculo da nota da 1º avaliación: O cómputo da nota final terá en conta os valores dados a cada un dos estándares traballados no trimestre de acordo cos diferentes instrumentos de avaliación. O feito de suspender unha proba non impide que se teña en conta para calcular a media. Considérase aprobado sempre que o cómputo total sexa superior a 4,75.
	<p>Procedemento de recuperación da 1º avaliación:</p> <p>1º e 2º de ESO: probas equivalentes ás suspensas ao final de cada avaliación.</p> <p>3º e 4º de ESO: probas globais de recuperación na seguinte avaliación.</p> <p>As tarefas suspensas serán substituídas por probas prácticas en todas a ESO.</p>
2º Avaliación	Cálculo da nota da 2º avaliación: O cómputo da nota final terá en conta os valores dados a cada un dos estándares traballados no trimestre de acordo cos diferentes instrumentos de avaliación. A cualificación da 2ª avaliación calcularase tendo en conta a cualificación da avaliación precedente, que suporá un 25% da nota. Considérase aprobado sempre que o cómputo total sexa superior a 4,75.
	<p>Procedemento de recuperación da 2º avaliación:</p> <p>1º e 2º de ESO: probas equivalentes ás suspensas ao final de cada avaliación.</p> <p>3º e 4º de ESO: probas globais de recuperación na seguinte avaliación.</p> <p>As tarefas suspensas serán substituídas por probas prácticas en toda a ESO.</p>
3º Avaliación	Cálculo da nota da 3º avaliación: O cómputo da nota final terá en conta os valores dados a cada un dos estándares traballados no trimestre de acordo cos diferentes instrumentos de avaliación. A cualificación da 3ª avaliación calcularase tendo en conta as cualificacións das avaliacións precedentes, que suporarán un 25% da nota. Considérase aprobado sempre que o cómputo total sexa superior a 4,75.
	<p>Procedemento de recuperación da 3º avaliación:</p> <p>Todos os cursos: probas equivalentes ás realizadas na avaliación.</p> <p>As tarefas suspensas serán substituídas por probas prácticas.</p>
Cualificación final	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso: A nota final do curso é a media das notas das tres avaliacións.</p> <p>En caso de ter algunha avaliación suspensa a final de curso procederase a realizar as actividades de recuperación correspondentes a esa avaliación. Para a nota final terase en conta a nota da recuperación, se resultou aprobada. Se non fose así, terase en conta o suspenso máis alto.</p>

Proba extraordinaria para BAC	Consistente en: -----
Alumnado de materia pendiente	Cálculo para obter a cualificación final de materia pendiente: farase unha media das tres probas trimestrais, dando á proba final un valor do 50%, e do 25% ás outras dúas. O alumnado que supere a terceira proba, considerarase aprobado, aínda que suspendese as outras dúas. Pódese considerar superada cunha nota igual ou superior a 4.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: faranse exames parciais, un por cada trimestre. A proba do último trimestre ten valor de proba final.

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)

Metodoloxía	Traballo por tarefas de tipo individual. Resolución de cuestionarios e exercicios de gramática. Cuestionarios sobre literatura.
Actividades tipo	<p>1º ESO <u>Apoio:</u> Tarefa/proba práctica de tipoloxías textuais. Corrección ortográfica e textual. <u>Reforzo e recuperación:</u> Tarefa/proba práctica de tipoloxías textuais: carta, correo electrónico, narración e/ou descrición. Exercicios e cuestionarios de ortografía, gramática, vocabulario, xéneros literarios e sociolingüística. <u>Ampliación:</u> Presentacións orais sobre sociolingüística, versión dramatizada dun texto narrativo. Se se obtén unha nota superior a 8 en cada unha das actividades a nota global pode subir ata un punto.</p> <p>2º ESO <u>Apoio:</u> Tarefa/proba práctica de tipoloxías textuais. Corrección ortográfica e textual. <u>Reforzo e recuperación:</u> Tarefa/proba práctica de tipoloxía textual: noticias, resumos/esquemas e/ou exposicións escritas. Exercicios e cuestionarios: ortografía, gramática, xéneros literarios e sociolingüística. <u>Ampliación:</u> Exposicións orais sobre sociolingüística e traballo escrito sobre teatro e cinema. Se se obtén unha nota superior a 8 en cada unha das actividades a nota global pode subir ata un punto.</p> <p>3º ESO <u>Reforzo e recuperación:</u> Tarefa/proba práctica de tipoloxía textual: exposicións escritas, noticias, textos da vida cotiá. Exercicios de comentario e cuestionarios sobre literatura medieval, Séculos Escuros e/ou Rexurdimento. <u>Ampliación:</u> Exposicións orais sobre sociolingüística, comentarios sobre</p>

	<p>textos da literatura galega do XIX. Se se obtén unha nota superior a 8 en cada unha das actividades a nota global pode subir ata un punto.</p> <p>4º ESO</p> <p><u>Apoio/PLAN PROA</u>: Tarefa/proba práctica de tipoloxías textuais. Corrección ortográfica e textual.</p> <p><u>Reforzo e recuperación</u>: Tarefa/proba práctica de tipoloxía textual: textos argumentativos, xéneros de opinión. Exercicios de comentario de textos e cuestionarios sobre literatura do último terzo do século XX.</p> <p><u>Ampliación</u>: Traballos de investigación e presentación oral sobre autores galegos do século XXI. Se se obtén unha nota superior a 8 en cada unha das actividades a nota global pode subir ata un punto.</p>
Materiais e recursos	<p>1º ESO: material de repaso na plataforma Edixgal (incluído material creado polo profesor).</p> <p>2º, 3º e 4º ESO: material de repaso na Aula virtual do centro.</p>
<p>2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)</p>	
Metodoloxía	-----
Actividades tipo	-----
Materiais e recursos	-----
<p>2.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC (Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)</p>	
Metodoloxía	-----
Actividades tipo	-----
Materiais e recursos	-----